

**Intervención entrega premio Francisco Fernández del Riego-
Caixanova
Rosa Aneiros**

A prensa é un bo lugar onde habitar. Ou debería selo. As páxinas do xornal deberían tecerse como lugares de encontro fronte a todos os desencontros políticos, económicos, lingüísticos, raciais que nos sacoden cada día dende os titulares. Decote os xornalistas construímos o mundo a base de declaracións, de díxome-díxome que nos escudan e nos permiten escribir afirmacións terribles que non son nosas. Que alguén dixo e nós transcribimos porque dan xogo, porque son polémicas. Pero a prensa debería ser un bo lugar onde habitar, un lugar de encontro cos lectores que amencen cada día coas nosas reflexións e atopan unha chiscadela de ollo. Un pensamento sobre o presente, pero tamén sobre as inquietudes, sobre os sonhos, sobre a memoria, sobre os desacougos, sobre eses momentos felices que un día aconteceron. Sacar da pel eses breves instantes é reconciliarnos co mundo, mesmo desde as páxinas tan agresivas que nos devolve a prensa cada día. Extraer da epiderme intensos alentos de melancolía, un suspiro que detén o tempo e nos devolve a cara máis amable do ser humano. Iso pretendín coa Última vaca, a Paloma, da que escribín para os lectores e lectoras que cada semana me beben, a veces a grandes grolos, outras paseniño, como se queimase. Falei da melancolía pero tamén intentei rescatar o olor daquelas tardes da infancia en que as vacas se cruzaban connosco como calquera outro veciño. E nos miraban cos seus ollos interrogantes e o seu lento axitar de cadeiras. Sempre que escribo a satisfacción é intensa. Confésoo. Unha das grandes satisfaccións da Última vaca veume da man de Prudencio, un compañeiro de traballo do Valadouro. Cando leu o texto, os ollos deixáronlle aniñar bágoas e comentou, Rosa, lembras, a brucelose. Tamén me prohibiron beber o leite sen ferver, e, tamén, por vinganza, deixei de beber leite. A brucelose, cantos anos que non me acordaba dela, a brucelose. Rescatar eses breves espazos é tamén tarefa dos que construímos o tecido periodístico cada día.

Logo da satisfacción dos lectores chegou a satisfacción e a sorpresa polo premio. Dígolles a verdade. Presenteime por Francisco Fernández del Riego. Por el. Polo profundo respecto e admiración que me produce este home de lentes grosas que sabe ler o mundo con tanta claridade aínda. Presenteime pola emoción dun home que chegou a escribir unha revista sobre reloxos e cando lle pregunto, ¿don Francisco e logo de onde quitaba vostede a información para escribila? El rise e di, de por aí, de ler outras revistas de reloxos e revistas de fóra, e a información do comerciante. Eu dígolles que este home con sesenta anos menos e Google da súa man

constrúenos o mundo de novo. A el quérolle agradecer que sexa facho e guía e que nos aprendera ás novas xeracións a amar este país e a súa cultura como el ama. O meu agradecemento é extensible aos meus pais que me aprenderon as palabras, ao xurado que escolleu esta obra, á Axencia Galega de Noticias, as cabeceiras que me publican cada semana e, por suposto, a Caixanova.

Quero agradecer a Caixanova, e non só porque sexa eu a premiada, a creación deste premio. Que o poder económico deste país crea na nosa cultura, na nosa lingua e na ollada de noso sobre o mundo é crucial para existirmos. Porque, como diría Shakespeare e Cunqueiro e adoita repetir Víctor Freixanes, somos da materia dos soños. Pero tamén queremos que eses soños se fagan realidade e faranse realidade na medida en que nós creamos nesta cultura, na medida en que nós sigamos construíndo o que persoas como Fernández del Riego e outros moitos antes e despois, soñaron.

Porque tamén somos o que soñamos. Moitas grazas